



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO
XUNTANZA ORDINARIA 13 DE NOVEMBRO DE 2014

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación acta anterior.**
- 2.- Obras realizadas e por realizar.**
- 3.- Seguridade viaria e beirarrúas na estrada da Teixeira e melloras pendentes.**
- 4.- Nova proposta de aparcadoiro para antiga escola de Tuimil.**
- 5.- Varios (rogos e preguntas)**

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas e corenta minutos, do día trece de novembro de dous mil catorce, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Fernando Covelo Rodríguez, representante do PS de G – PSOE
- Adelina Couñago Lara, representante do PP
- Anxo Lusquiños López, representante do BNG
- Luis Medal Fiel (en substitución de José Bernardo Crespo Abal), representante de AER
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- M^a Jose Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais
- Serafín Sobral Bouzon, representante das asociacións veciñais.
- María Nieves Sobral Pazo, representante das asociacións veciñais
- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións culturais
- Fernando Veiga Estévez, representante das comunidades de montes
- Alberto Couñago Castellano, representante das comunidades de augas

Comparece a esta reunión do Consello, a Concelleira de Parques , Xardíns e Limpeza viaria, Dona M^a Jose Barciela Barros a petición do escrito dos membros do consello parroquial do Viso con data de entrada no Rexistro xeral do Concello de data 10/11/2014 con posterioridade a convocatoria desta sesión.

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JESÚS CRESPO LÓPEZ, e asistidos/as de min, Miguel Angel Míguez Novelle, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.



CONCELLO DE REDONDELA

1.- Aprobación da acta anterior

Sométese a votación a acta do Consello Parroquial ordinario celebrado en data 18.09.2014.

Non existindo esta rectificacións a acta queda aprobada pola maioría das/os membros asistentes á xuntanza.

2.- Obras realizadas e por realizar.

O Presidente informa das actuacións realizadas no parque infantil de Soutoxuste, do cemento aportado polo concello para obras a realizar polos veciños en camiños de Soutoxuste, así como do estado de tramitación das obras de Saneamento de Saramagoso e Muro na Nogueira.

Tamén indica que se esta estudiando reparar o camiño de Besada, con custe estimado de 11.000 euros.

A Concelleira M^a Jose Barciela Barros solicita aclaracións das obras aprobadas na sesión anterior para os orzamentos participativos :

Con respecto a obra de “Colocación de tubaría no Camiño das Sete Fontes na baixada cara Arcade” indica que primeiro de nada debe ser informada a obra polo aparellador municipal.

Con respecto a obra de “Adecantar a Fonte do Campo”, pide que se lle aclare en que consistiría dito adecentamento, revisa os presupostos aportados e di que na súa opinión dita fonte solo necesitaría unha limpeza., di que as fonte deberían ser mantidas polos veciños, e aconsella non poñer azulexo na mesma, nin realizar a limpeza do tellado con este mal tempo.

Tamén pide opinión (xa que nos presupostos aportados non se aclara estes conceptos) sobre que tipo azulexo ou color dos mesmos solicitan para dita fonte, indica que incluso sería mellor rematala en pedra.

Alberto Couñago Castellano di que as fontes do centro de Redondela, como a fonte de Santiago, non se limpan por parte dos veciños, se non polos servizos municipais, e que nas parroquias deben ter ese mesmo dereito.

Manuel Freire Collazo di entón que se adecente, segundo as necesidades da mesma



CONCELLO DE REDONDELA

Acordase polo tanto adecentar a Fonte do campo con pedra e realizar unha limpeza da mesma.

M^a Jose Barciela Barros solicita por parte dos asistentes, aclaracións as necesidades de iluminación da parroquia: na Nogueiriña, a Carreiteira, a Lomba e Soutoxuste (citadas na anterior sesión do consello) e da situación máis ou menos exacta de ditos puntos

Indicándoselle por parte dos asistentes as previsibles localizacións de ditos puntos de luz, quedando anotados estes por parte da Concelleira.

Tamén se concreta a situación para a colocación do quitamedos na Baixada á Ribeira ao lado do Rest. Antón, e aportase outro orzamento para instalar outro quitamedos ou balado no camiño do Sobreiral.

A Concelleira M^a Jose Barciela Barros, informa que prevé que coas obras de orzamento participativos solicitadas no se gastaría o total do orzamento destinado a esta parroquia, e solicita outras propostas para novas actuacións neste sentido.

Adelina Couñago Lara, solicita outro quitamedos ou barandilla para o Camiño do Castro, polo perigo de caídas dos peatons. Manuel Freire Collazo coincide con esa solicitude e di que chegaría con unha barandilla.

Alberto Couñago Castellano di que se repartan entre todos os barrios as actuacións a realizar, e solicita a limpeza do Camiño a Fonte da Nogueira.

Tamén se fala (si sobrasen cartos) de realizar bases para contenedores situados en localizacións perigosas, pero sen concretar nada.

Indicase por parte da concelleira M^a Jose Barciela Barros que se empece a traballar de cara os orzamentos participativos do ano 2015.

3.- Seguridade viaria e beirarrúas na estrada da Teixeira e melloras pendentos.

Soledad Vidal Dasilva pide aclaracións as xestións realizadas neste sentido.

O Presidente di que xa se falou co Deputación, comprometéndose esta a realizar un paso de peatons elevado.

Adelina Couñago Lara di que as beirarrúas deberían chegar ata o cemiterio



CONCELLO DE REDONDELA

Soledad Vidal Dasilva di que este tema levase alargando Consello tras Consello, sen solución algunha; e polo tanto di que como medida de presión presentarán unha moción neste sentido o Pleno do Concello, para que se dirixa a Deputación para a realización destas obras.

A Concelleira M^a Jose Barciela infórmalle os asistentes de como funcionan as peticións de obras a Deputación, e de como esta realiza as obras solicitadas en función dos seus orzamentos.

Alberto Couñago Castellano indica que todo son boas palabras, pero que todos os problemas seguen igual pese o indicado en consellos parroquias anteriores; que solo se solucionan **pequenece**s, seguindo os temas importantes sen resolver.

O Presidente indica que todas as xestións destes temas xa se realizaron diante da Deputación, pero que esta vai executando en función dos seus orzamentos.

M^a Jose Barciela Barros aclara que se esta traballado en todos estes temas, pero que estamos en época de crise e todo este proceso leva tempo. Tamén indica que o muro (xunto a casa de Nolete) comprometido polo concelleiro Cándido Vilaboa, está pendente dos permisos de Augas de Galicia, e que o saneamento de Saramago acaba de adxudicarse.

Manuel Freire Collazo aclara que a decisión de presentar a moción diante do Pleno foi acordada nunha reunión das distintas asociacións membros deste Consello.

Anxo Lusquiños López di que debese poñer en valor as decisións tomadas polo este consello parroquial, e o de presentar unha moción diante do Pleno quitaríalle valor a ditas sesións.

M^a Jose Barciela Barros di que entende en definitiva que as obras solicitadas a Deputación son: aparcamento do colexio de Cesantes, beirarruas e sinais.

Anxo Lusquiños López reitera que o temas da retirada do tráfico pesado pola estrada do Viso xa foi tratado en varios Consellos parroquias anteriores, que incluso se falou de facer controis de velocidade os camións que baixan por estrada, pero que todo sigue igual. Varios do presentes comentan casos vividos por eles mesmos e a perigosidade da mesma.

O presidente informa que a competencia dos controis é da Tráfico (DGT), e que ten constancia da súa presenza ocasional.



CONCELLO DE REDONDELA

Adelina Couñago Lara di que se solicite tamén a Deputación a instalación de un paso elevado no paso de peatons situado fronte o Bar Madis, onde coincide unha para do autobús escolar e o perigo que iso supón.

Fernando Veiga Estevez di que debe solicitarse un ou máis bocas de sumidoiro para solucionar inundacións na curva do cemiterio.

4.- Nova proposta de aparcadoiro para a antiga escola de Tuimil.

Fernando Veiga Estevez expón a proposta de un veciño para alugar ou vender un terreo próximo para utilizar como aparcadoiro do Local da antiga escola de Tuimil.

Decídese que se afonde neste proposta do veciño Jesus Nogueira para aclarar os terminos desa proposta.

5.- Varios (Rogos e preguntas).

Soledad Vidal Dasilva (citando puntos do escrito presentado no Rexistro xeral do Concello o día 10/11/14) pasa enumerar as solicitudes de temas non tratados nos puntos anteriores deste consello.

- Arranxo de lavadoiro en Soutexuste (zona do Pazo, roto por accidente circulación de un camión.

M^a Jose Barciela Barros informa de que este tema esta tramitándose por parte da Secretaria do Concello, coa tramitación do seu correspondente expediente de reposición danos inventario municipal.

– Solicitud de contenedores na parroquia: Soutoxuste na curva morta no camiño de Santiago, contenedores de papel e plástico na zona de Auga Enterrada (A Nogueira),...

M^a Jose acevedo Santoro di si se podería cambiar a ubicación de ditos contenedor, para que alí non se tire de todo, incluso suxire un nova ubicación para podelo situar.

O presidente indica que esa nova situación suxerida suporía un inconveniente para a manobra do camión do lixo, se estudiarán novas ubicacions ou a posibilidade de poñer mais contenedores.

Manuel Freire pide que se devolvan o seu sitio os contenedores retirados de papel e plástico na zona de Auga enterrada, xa que os retiraron de ese punto.

- Asfaltado e instalación rexillas no Camiño de subida do monte da Nogueira.



CONCELLO DE REDONDELA

- Instalación de quitamedos na entrada a Soutexuste dende a N-550, a altura do depósito de augas .
- Explicacións do investimento realizado no parque infantil de Soutexusto.

Serafín Sobral Bouzon di que solo se colocaron 3 elementos novos, outros reciclados de outros parques e sen piso axeitado de caucho, en contraposición a unha suposta nota de prensa do Faro que dicía que se instalará un parque novo.

M^a Jose Barciela Barros informa que o custe dese parque foi de 9.775 euros e mostra os orzamentos de dita instalación, desglosa o custe dos diferentes elementos e recorda a situación que se atopou cando chegou como Concelleira a este Concello e o que se foi facendo.

Con respecto o parque de Soutexuste indica que esta conforme as normas e mostra todos os traballos realizados neste parque infantil. Tamén informa da situación e necesidades dos diversos parques infantís da parroquia do Viso.

Discútese sobre a idoneidade de parques novos e a reposición de elementos novos e como se reciclan elementos e pezas de uns parques infantís para outros.

Manuel Freire Collazo di que precisamente se solicitou a presenza da Concelleira de Parques e xardíns, para aclarar certos comentarios de pezas colocadas de outros parques do municipio neste parque infantil de Soutexuste.

O Presidente aclara a diferenza do que sería a instalación de un parque infantil novo e o que é un parque reparado con pezas recicladas.

Soledad Vidal Dasilva di do que lle falara que saíra neste suposta nota de prensa.

- Estado do problema de lindes entre Redondela e Soutomaior na zona da Peneda

Fernando Veiga Estevez indica que varias casas se verían afectadas sobre o problema dos lindes. Indicando a maiores que algúns dos afectados xa lle chegaron notificacións de Catastro conforme pasan o Concello de Soutomaior.

Indícase por parte do Presidente neses mesmos momentos se estaba celebrando una reunión do Consello Forestal.



CONCELLO DE REDONDELA

Manuel Freire Collazo informa que o socabon existente xunto a do Ganga, que foi tapado e bacheado estas ultimas semanas, volveu afondarse máis aínda.

Tamén informa que se enterou da xubilación do/a funcionario/a da oficina de Xunta en Redondela que concede os permisos de queimas, e que non se pensaba cubrir dita praza co prexuízo que causaría a todos conveciños de Redondela para obter ditos permisos, e que polo tanto dende o Concello se fixera o posible para que non se peche dita oficina da Xunta en Redondela.

Manuel Freire Collazo di que había un elemento no parque infantil do Escredo que estaba roto e agora puxeron outro que na parte onde están as cadeas están pegadas con cinta illante.

M^a Jose Barciela Barros informa do estado das peticións de subvención para instalación de parques infantís na Teixeira e na Nogueira, e que estes foron denegados por non estar en terreos de titularidade municipal.

Tamén informa que o parque biosaudable xa foi adxudicado pero que por motivo do mal tempo non cree que este finalizado ata mediados de Xaneiro/2015.

Fernando Covelo Rodríguez solicita un adiantamento no horario de inicio das sesión do Consello parroquial (aló menos durante o horario de inverno) para inicialos as 20:00 horas. Despois de debatido entre os asistentes acordase adiantar o comezo das sesións as 20:00 ata o próximo cambio horario.

Alberto Couñago Castellano informa da necesidade de limpar o camiño da Portela pola maleza existente que impide o paso normal así como a existencia de diversos vertidos sen saneamento.

Fernando Veiga Estevez volve a recordar a existencia de arquetas de sumidoiro tapadas polo ultimo asfaltado do Camiño de Cancelas realizadas polas empresas do AVE.

M^a Jose Barciela Barros informa da existencia dunha comisión de seguimento de carencias en cada parroquia causadas polo paso do AVE, e que habería un representate do Viso (non identificado) que debería ser o encargado de trasladar tódalas deficiencias causadas.

Jose Antonio Martinez Conde pregunta si se abriu o Camiño da Brea vella cerrado pola sobras do Ave e a situación das 175 reclamacións realizadas polas obras do AVE.



CONCELLO DE REDONDELA

M^a Jose Acevedo Santoro informa da existencia de un socabon no Camiño do Casal do Viso.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vintedúas horas e trinta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretario do Consello, DOU FE.

(Aprobada definitivamente na sesión do Consello parroquial do día 30.12.2014)